

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de setembro 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.00 horas do día 17 de setembro de 2020, reúnese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de xullo de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 23 de xullo de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN RELACIÓN CO PROTOCOLO FRONTE O CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, procede a dar conta detallada da moción presentada.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que concorda con moitos dos puntos da moción e, en todo caso, entende que hai determinados puntos, como o segundo, relativo á demanda de contratación de profesores, xa está solucionado e pide que se lle aclare en que consiste o punto quinto. Manifesta que en principio reserva o voto ata a sesión plenaria.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que desde a FEGAMP se mantivo unha primeira reunión coa exconselleira de Educación, onde se lle expuxo toda a problemática e gastos que teñen que asumir os concellos para mantemento de centros escolares neste curso e moi incrementados como consecuencia da pandemia do COVID 19. Emprazouse á FEGAMP a unha segunda reunión que a exconselleira se negou a convocar. Isto non é máis que unha mostra da nula colaboración que desde a Xunta de Galicia se lles está prestando aos concellos, cando xa existe un documento no seo da FEGAMP asinado no ano 2006 por todos os partidos e onde se acordaba que a Xunta de Galicia, de forma paulatina, se iría facendo cargo dos gastos de mantemento e limpeza nos centros escolares.

Sinala que o protocolo da Xunta en materia de desinfección e limpeza de centros escolares carga á totalidade das obrigacións nos concellos e que estes, por responsabilidade, o están asumindo, pero que é importante que se saiba que as competencias educativas son da Xunta de Galicia. Sinala que en grandes liñas está de acordo coas propostas da moción, se ben manifesta reserva de voto para o Pleno.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que en principio van votar en contra, xa que con carácter xeral as competencias indicadas non son en ningún caso desta Deputación e que precisamente, pola situación orzamentaria, non é o exercicio idóneo para que se pidan investimentos nesta administración nunha materia na que non ten competencias.

A **presidenta da comisión** manifesta que o seu grupo quere estudar con máis detalle os puntos que se conteñen na moción e que reservan o seu argumentario para o Pleno.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, quere realizar dous matices, en primeiro lugar indica que o que se pide na moción é que ante a falta de colaboración e ante o deixamento da Xunta de Galicia, sexa a Deputación Provincial a que colabore cos concellos, lembrando que esta si é unha competencia propia da Deputación, e que en todo caso, o primeiro punto da moción insta á Consellería de Educación a que exerza as súas competencias. Para finalizar sinala que se nalgunha materia a Deputación debe facer un esforzo e non recortar gastos é en educación.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que si apoiaría instar á Consellería a que exerza as súas competencias, como se aprobou hai tres días nunha moción similar no Concello de Xinzo de Limia. Volve solicitar que se lle aclare o punto quinto da proposta de acordo.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, manifesta que o punto cuarto o que fai precisamente é pedirlle á Xunta de Galicia que cumpra coas súas competencias mediante a dotación de novos fondos para cumprir co protocolo de mantemento e limpeza de centros escolares e que o punto quinto faría referencia a que os fondos extraordinarios do Goberno de España para loitar contra o COVID sexan utilizados pola Xunta para este tipo de gastos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, matiza que en ningún momento manifestou que teña que haber recortes en materia de educación, se ben manifesta que a petición debe dirixirse á administración competente para isto, que é a Xunta de Galicia. Engade que no Pleno concretará a súa postura.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (5) e de DO (1) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos (1), a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que:

- 1- Manteña reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
- 2- Se dote aos centros do persoal, profesorado e infraestruturas suficientes para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
- 3- Estableza reunións coa FEGAMP para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
- 4- Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custos que deben asumir centros, familias e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo, sexan asumidos polo goberno da Xunta de Galicia.
- 5- Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
- 6- Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

2º.- Solicitamos que por parte desta Deputación Provincial de Ourense un apoio económico urxente e necesario aos concellos da provincia ante o incremento dos gastos de persoal, material e labores de desinfección dos centros educativos que van ter que facer fronte para poder cumprir cos protocolos de seguridade e hixiene, reiterando esta petición xa incluída nas medidas solicitadas por este grupo provincial socialista no pasado mes de marzo para facerlles

fronte os efectos derivados da pandemia provocada polo SARS-COV-2 na provincia, e posteriormente incluídas nunha moción no mes de maio.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, en relación coa plataforma posta en marcha pola Federación de Comercio EPROX, pregunta cales son os requisitos que deben reunir os comercios para poder acceder a ela.

A **presidenta da comisión** indica que desde a Deputación se outorgou unha subvención por importe de 50.000 euros á Federación de Comercio para a posta en marcha desta ferramenta, se ben toda a xestión lle corresponde a esa entidade. En todo caso, da información que ten, calquera comercio que o desexe ten á súa disposición a plataforma, indicando que se algún ten algunha dúbida ou pregunta sobre a adhesión, debe dirixirse á Federación de Comercio.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, reitera unha pregunta xa realizada na anterior comisión sobre o destino da partida orzamentaria de 400.000 euros para a loita contra o COVID, xa que a resposta que recibiu por escrito non foi moi aclaratoria. En particular, quere saber se a previsión que existía para axudar aos traballadores afectados por ERTES se plasmou nunha liña de subvencións ou similar.

A **presidenta da comisión** indica que a pesar de non ser esta a comisión competente para este tipo de preguntas, trasladará esta p ara a súa resposta.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, lembra que no Pleno do mes de xaneiro se adoptou un acordo para incorporar a transmisión mediante linguaxe de signos dos plenos da Deputación, polo que solicita información sobre o cumprimento desta medida.

A **presidenta da comisión** indica que lle contestará por escrito.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

